

APERTURA DE GABIAS

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola apertura de sondaxes ou gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública

Publicación provisional : 09-12-2009 BOP Nº 259 -- Publicación definitiva : 03-02-2010 BOP Nº 22
Redacción aplicábel dende 20-02-2010

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 131.2 e 142 da Constitución e polo artigo 105 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLFL), este concello establece a Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais pola apertura de calicatas ou gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública e pola utilización de infraestruturas municipais para a instalación de fíos conductores, cables e outros transportadores análogos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendéndose as súas normas ao previsto no artigo 20 en relación co artigo 57 do citado Real decreto.

Artigo 2º.- Feito Impoñible.

Constitúe o feito imponible da Taxa:

- a) a apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público, calquera que sexa a clase de pavimento que exista onde se realizan as obras.
- b) a remoción, incluída a demolición e reposición, de beirarrúas ou de pavimentos nas vías públicas.
- c) a utilización de calquera infraestrutura de tipo canalización, galería rede ou tendido de titularidade municipal para a instalación de cables, tuberías ou fíos conductores utilizables para calquera servizo ou subministro de electricidade, auga, gas, voz, datos imaxe e outros análogos.

Artigo 3º.- Exencións.

Están exentas desta taxa a apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público, calquera que sexa a clase de pavimento que exista onde se realizan as obras, cando se trate da rede de abastecemento de auga e/ou saneamento agás que sexan consecuencia dun proxecto de urbanización.

Artigo 4º.- Obrigados ao pago

1.-Están obrigados ao pago da taxa nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas ou entidades a que se refire os artigos 33 da Lei Xeral Tributaria, a favor das que se outorguen as licenzas.

Se o aproveitamento se realizara sen obter licenza considerarase que o obrigado ao pago será o titular da empresa que execute as obras ou o dono destas, se fora coñecido.

2.-Asemade están obrigados ao pago da taxa regulada nesta ordenanza as persoas ou entidades que destrúan ou deterioren o dominio público local, de conformidade co previsto no artigo 46 do TRLFL, aínda cando fosen as mesmas persoas ou entidades interesadas quenes efectúen a súa reposición, así como os gastos que orixine o control de calidade dos pavimentos e a comprobación de densidades alcanzadas no macizado de gabias.

Artigo 5º.- Tarifas

As tarifas a aplicar son as seguintes:

1.-No caso de que o concello teña realizado as infraestructuras:

Epígrafe 1.- apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público, calquera que sexa a clase de pavimento que exista onde se realizan as obras.

1.1.1.- Apertura de gabias en xeral:

Beirarrúas: 10 euros metro lineal.

Calzadas: 12 euros metro lineal.

Calzadas das rúas non pavimentadas: 8 euros metro lineal.

1.1.2.- Construcción de cámaras subterráneas:

Beirarrúas: 10 euros metro cúbico.

Calzadas: 15 euros metro cúbico.

Calzadas das rúas non pavimentadas: 8 euros metro cúbico.

Epígrafe 2.- a remoción, incluída a demolición e reposición, de beirarrúas ou de pavimentos nas vías públicas.

2.1.1.- Reconstrucción de pavimentos:

Beirarrúas: 90 euros metro cuadrado.

Calzadas: 90 euros metro cuadrado.

Calzadas das rúas non pavimentadas: 25 euros metro cuadrado.

Epígrafe 3.- a utilización de calquera infraestrutura de tipo canalización, galería rede ou tendido de titularidade municipal para a instalación de cables, tuberías ou fíos conductores utilizables para calquera servizo ou subministro de electricidade, auga, gas, voz, datos imaxe e outros análogos.

3.1.- En beirarrúas ou calzadas:

De 0,50m a 1,20m: 18 euros por metro lineal.

De 0,50m a 1,40m: 25 euros por metro lineal.

De 0,50m a 1,60m: 32 euros por metro lineal.

3.2.- En cruce de calzadas:

De 0,50m a 1,20m: 39 euros por metro lineal.

De 0,50m a 1,40m: 54 euros por metro lineal.

De 0,50m a 1,60m: 72 euros por metro lineal.

2.- No caso de que o suxeto pasivo teña que realizar as obras por non ter o concello as infraestructuras aplicarase unha cota dun 15 por 100 sobre o orzamento presentado. No caso de que o orzamento

presentado sexa inferior ao resultado da aplicación das tarifas desta ordenanza, tomarase como base de cálculo este último.

Artigo 6º.- Devengo

1.-A taxa devéngase no momento de solicitar a licenza ou a actividade administrativa dirixida a outorgar a autorización necesaria para a utilización privativa ou aproveitamento ou desde que se inicie a utilización privativa ou aproveitamento se non media solicitude ou autorización.

Artigo 7º .-Normas de xestión

1.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza, a que xuntarán un plano detallado da superficie que se pretende ocupar ou utilizar e da súa situación dentro do municipio e o xustificante de ter realizado o depósito previo, ao abeiro do artigo 46.1 do TRLFL e co fin de garantir en todo caso os dereitos da Administración.

O outorgamento de licencias para a utilización de infraestructuras municipais para a instalación de fíos conductores, cables e outros transportadores análogos suxetarase ás disponibilidades de espazo nos tubos ou galerías, así como ás esixencias técnicas e de seguridade, dando preferencia en todo caso ás instalacións para servizos municipais.

2.-Os servizos técnicos deste concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferenzas coas peticións de licenzas. Se se deran diferenzas, notificaranse estas aos interesados e efectuaranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, outorgando as autorizacións unha vez subsanadas as diferenzas polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

3.-O depósito provisional non causará dereito algún e non faculta para realizar as obras, que só se poderán realizar cando se obteña a licenza.

4.- As licencias concederanse discrecionalmente pola xunta de goberno local, de acordo coas normas contidas nas disposicións de carácter xeral, logo da emisión dos informes que se estimen oportunos, e a liquidación practicada conforme ás normas anteriores elevarase a definitiva unha vez que recaía acordo sobre a concesión da licenza, e se esta se denegara, o interesado poderá instar a devolución do depósito constituído.

5.-Consideraranse caducadas as licenzas se despois de concedidas transcorren trinta días sin comezar as obras. Unha vez iniciadas estas, deberán continuarse sen interrupción.

Rematado o prazo de vixencia do permiso outorgado, os interesados que desexen continuar co aproveitamento ou utilización privativa deberán obter unha nova licenza.

6.-Cando se trate de obras que deban ser executadas inmediatamente polos graves prexuízos que a demora puidera producir (fugas de gas, fusión de cables, etc.) poderán iniciarse as obras sen ter obtido a autorización municipal, coa obriga de solicitar a licenza dentro das vinte e catro horas seguintes ao comezo daquelas e xustificar a razón da súa urxencia.

7.-Cando non se trate de apertura de calicatas para a conexión de auga, a reparación do pavimento ou terreo removido será, en todo caso, do exclusivo cargo e conta de quen se teña beneficiado dos mesmos. En garantía de que polo interesado se proceda á perfecta reparación de aqueles, para poder tramitar a solicitude deberá acreditarse a constitución da correspondente fianza. Se a garantía constituída non fora suficiente para cubrir o montante das obras a executar, o interesado aboará a diferenza conforme á conta que formule o técnico municipal.

8.-Os custos de instalación, reparación, mantemento e retirada dos elementos instalados que sexan de propiedade do usuario do servizo serán por conta deste.

9.-No caso de que efectuada a reposición do pavimento polo concesionario da licenza, os servizos municipais estimen, previas as comprobacións pertinentes, que as obras non se realizaron de acordo coas esixencias técnicas correspondentes, o concello poderá proceder á demolición e a nova construción das obras defectuosas, estando o concesionario da licenza obrigado a satisfacer os gastos que se produzan pola demolición, recheo de gabias e nova reposición do pavimento.

10.-A sección técnica municipal correspondente comunicará á Intervención Municipal o prazo concedido para a utilización da calicata. No acordo de autorización da ocupación fixarase este prazo e farase constar que o dito prazo será improrrogable, e que unha vez rematado o mesmo o interesado deberá suprimir o aproveitamento, agás, cando por causa xustificada alegada polo interesado, a ocupación tivese que seguir por máis tempo do sinalado na autorización, suposto no que aquel solicitará a ampliación do prazo de duración do aproveitamento e realizará o depósito previo do importe da liquidación que proceda. Tal ampliación será aprobada pola xunta de goberno local, previo o informe da sección técnica municipal correspondente.

11.-Se transcorrido o prazo autorizado a calicata ou a gabia continuara aberta, ou non quedara totalmente reparado o pavimento e en condicións de uso normal, liquidaranse novos dereitos de conformidade coa tarifa, sen prexuízo das sancións que a alcaldía poida impoñer.

12.-As taxas aquí reguladas son compatibles cos dereitos que proceda esixir como consecuencia da realización doutros aproveitamentos provativos ou utilizacións especiais do dominio público local.

Artigo 8º.- Liquidación e recadación.

1.-O pago das tarifas da Taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos solicitados polos contribuíntes, por ingreso na Tesourería Municipal ou onde estableza o concello. Este ingreso terá o carácter de depósito previo, consonte co disposto artigo 46.1 do TRLFL, quedando elevado a definitivo ao concederse a licenza correspondente.

b) Cando se liquide polo concello en caso de aproveitamentos non autorizados unha vez aprobada a liquidación pola xunta de goberno local e notificada a mesma ao interesado. Na notificación consignaranse os medios de impugnación que poidan interpoñerse contra a liquidación e órganos ante os que teran que ser interpostos, o período voluntario de cobro e cando quedará incursa en apremio a cota non satisfeita dentro daquel período.

O período voluntario de ingreso da liquidación será:

- Para as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

- Para as notificadas entre os días 16 e derradeiro de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorridos os prazos devanditos sen ter efectuado o ingreso, o período executivo iníciase dende o día seguinte ao remate daqueles.

O comezo do período executivo determina o devengo dun recargo executivo do 5 por 100 do importe da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de apremio.

O recargo de apremio será do 10 por 100 cando a débeda tributaria non ingresada se satisfaga antes da finalización do prazo previsto de ingreso unha vez notificada a providencia de prema.

O recargo de apremio ordinario será do 20 por 100 e será aplicable cando non concurran as circunstancias indicadas nos parágrafos anteriores. O recargo de apremio ordinario é compatible cos intereses de demora devengados desde o inicio do período executivo.

O ingreso materializarase na Tesourería Municipal ou onde estableza o Concello.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións tributarias.

Para a cualificación das infraccións tributarias e das sancións que lle corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e de acordo co disposto no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa